

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: NOTACIÓN

1ª CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer o desenvolvemento dos diferentes sistemas de notación musical ao longo da historia da música occidental.
- Comprender os diferentes problemas e as diferentes solucións propostas para a interpretación dos diversos sistemas de notación.
- Definir e aplicar criterios científicos de transcripción e edición a músicas de diferentes períodos.
- Relacionar os desenvolvementos da notación musical cos das linguaxes e técnicas compositivas.
- Contextualizar e relacionar a paleografía musical coa paleografía xeral.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer o desenvolvemento da notación polifónica da música medieval e os seus alicerces na notación neumática.
- Establecer criterios básicos de edición de partituras nas diferentes notacións da música medieval.
- Coñecer os tratados teóricos que nos informan das características da notación medieval.
- Analisar de xeito crítico as diferentes escolas e tendencias na transcripción das grafías medievais.
- Empregar axeitadamente un editor informático de partituras.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

Criterios de edición. As notación alfabéticas e diastemáticas A notación cuadrada e a notación modal na escola de Notre-Dame. Notación pre-franconiana. Notación franconiana e petroniana. As notacións francesas no século XIV. As notacións italianas no século XIV. Notacións manieristas no final do século XIV.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Manexo de editores informáticos de partituras. Lectura de textos teóricos sobre a notación. Transcripción e edición de textos musicais da idade media. Aplicación de técnicas paleográficas e codicolóxicas.

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ESPECIALIDADE: MUSICOLOXÍA

MATERIA: NOTACIÓN

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Valoración da importancia da notación sobre o noso concepto de “música”.
Apreciación da edición musical na transmisión do corpus da historia da música occidental. Interese polo manexo de textos e partituras “orixinais”.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer e transcribir as diferentes notacións tratadas.
- Editar dacordo a criterios coherentes partituras do período medieval.
- Manexar con soltura editores informáticos de partituras.
- Cuestionar as tradicións herdadas e xustificar coherentemente, soportadas polas evidencias históricas, as propias decisións.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Participación de forma activa nos exercicios propostos na aula.
- Realización de exercicios escritos de carácter práctico, que consistirán na transcripción e/ou edición de exemplos musicais.
- Realización de exercicios escritos nos que o alumnado responderá a unha serie de cuestións que permitan avaliar o grao de adquisición dos obxectivos.
- Na convocatoria de setembro os/as alumnos/as deberán presentar os exercicios trimestrais non presentados durante o curso ou que non obtiveran unha calificación positiva, así como realizar unha proba escrita na que responderá a unha serie de cuestións que permitan avaliar o grao de adquisición dos obxectivos.

RECURSOS MATERIAIS

- Ordenador con editor informático de partituras.
- Facsímiles de textos musicais da idade media (subministrados pola biblioteca do centro e en parte da biblioteca privada do profesor que imparte a materia)
- Bibliografía básica para consulta en sala: dicionários e manuais de referencia (subministrados pola biblioteca do centro e en parte da biblioteca privada do profesor que imparte a materia)